



## **1.- III Incubadora de Sondaxes e Experimentos**

---

Lembramos que o prazo para inscribirse na III edición do concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos remata o venres desta semana, día 8 de febreiro de 2013.

Toda a información sobre o concurso está na páxina web da SGAPEIO: [www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es)

## **2.- Asemblea Xeral da SGAPEIO**

---

Como xa anunciamos, o día 16 de febreiro de 2013 terá lugar, no salón de actos da Facultade de Matemáticas, a apertura do Ano Internacional da Estatística e a Asemblea Xeral da SGAPEIO.

### Programa:

- 10:30-11:00: Acto de apertura do Ano Internacional da Estatística.

- 11:00-12:15: Conferencia "Ata onde as finanzas se poden contar".

*Silvia Barco Tato*

*Directora de Control Financiero e Middle Office no Banco Gallego*

- 12:15-12:45: Pausa.

- 12:45-14:00: Asemblea Xeral da SGAPEIO.

Despois da Asemblea terá lugar unha comida de confraternidade (aprox. 25 € por persoa). Se estás interesado en asistir, envía unha mensaxe a [administrador@sgapeio.es](mailto:administrador@sgapeio.es) indicando o teu nome.

### Resumo da conferencia:

As finanzas cuantitativas son a parte das finanzas que se poden contar, ou o que é o mesmo, a parte das finanzas ás que se lles aplican as matemáticas financeiras, sobre todo a estatística.

Este tipo de técnicas son especialmente útiles na xestión de carteiras, a xestión de risco e a valoración de derivados:

- En xestión de carteiras nocións como rendibilidade media e covarianzas para activos permiten cuantificar o concepto de "diversificación".
- A meirande parte dos riscos financeiros implican situacións que se desenvolven ao longo do tempo, por tanto os modelos baseados nos procesos estocásticos resultan ser os máis axeitados para a xestión do risco.
- Para a valoración de derivados, métodos de simulación, como o método de Montecarlo, son usados en finanzas dende os anos 40.

Estes tres temas son o punto de partida de miles de teses, métodos, modelos... nos que as matemáticas, en concreto a estatística, e as finanzas fusiónanse nunha única materia.

### **3.- Oferta de contrato na UDC**

---

Convocatoria de contrato con cargo ao proxecto "Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia. Modalidade de grupos de referencia competitiva (CN2011/004)".

- Lugar: Departamento de Matemáticas - Facultade de Informática.
- Titulación: Licenciado en Matemáticas ou enxeñeiro en informática.
- Duración: 2 meses.

Máis información: <http://dm.udc.es/matematicas/es/node/638>

### **4.- Data Scientist/Analista BI/Data Miner para Linea Directa**

---

A Compañía *Línea Directa* (Grupo Bankinter) busca un Data Scientist/Analista BI/Data Miner para aplicar métodos de *Data Mining* e *Machine Learning* co obxectivo de mellorar a experiencia de compra do usuario e, deste xeito, maximizar, fidelizar, reter as vendas.

Formación requerida: Diplomatura ou Licenciatura na Área de Ciencias (Matemáticas, Estatística, Enxeñería).

Máis información: <http://goo.gl/srEHk>

### **5.- Curso de meta-análise en rede (2ª edición)**

---

O Centro Cochrane Iberoamericano organiza a segunda edición do curso "Meta-análise en rede (network meta-analysis) con comparacións directas e indirectas", que se vai impartir os días 28 de febreiro e 1 de marzo de 2013 en Barcelona.

- Duración: 16h
- Lugar: Hospital de la Santa Creu i Sant Pau, Barcelona
- Importe da matrícula: 250€
- Período de inscrición: a partir do 1 de febreiro de 2013.

Máis información: [http://cochrane.es/network\\_metanalysis\\_2013/](http://cochrane.es/network_metanalysis_2013/)

## **6.- Curso de mini-vídeos docentes modulares**

---

Xa está aberta a inscrición ao primeiro *Massive Online Open Course* (MOOC) sobre mini-vídeos titulado "Mini-vídeos docentes modulares: un elemento crítico no deseño dun MOOC". A inscrición é gratuita.

- Coñecementos necesarios: non se requiren.
- Data de inicio: 25 de febreiro de 2013.
- Duración: 8 semanas.

Máis información: [http://miriadax.net/web/videos\\_docentes](http://miriadax.net/web/videos_docentes)

## **7.- Premios de investigación da Real Academia de Ciencias**

---

A Real Academia Galega de Ciencias fai pública a convocatoria dos seus Premios de Investigación para o ano 2013, que teñen como obxectivo promover a investigación e o desenvolvemento nas áreas de coñecemento integradas na Academia, a través do recoñecemento académico e social do esforzo dos investigadores.

Convócanse dous premios:

- Un de 6.000 euros, para un Traballo de Investigación realizado por investigadores sénior.
- Un de 2.000 euros, para incentivar a Promoción de Novos Investigadores menores de 28 anos.

O traballos tratarán temas ou aspectos relacionados coas áreas temáticas seguintes: Matemáticas, Física, Física do Cosmos, Química, Xeoloxía, Bioloxía, Farmacia, Ciencias Sociais, Económicas e Ciencias Técnicas.

Prazo da convocatoria: ata o 8 de xullo de 2013.

Máis información: <http://www.ragc.cesga.es/>

## **8.- Primeiras Xornadas Virtuais en Didáctica da Estatística, Probabilidade e Combinatoria**

---

Dentro do marco do *International Year of Statistics* (Statistics2013), o *Grupo de Investigación en Didáctica de la Estadística, Probabilidad y Combinatoria* da *Sociedad Española de Investigación en Educación Matemática* (SEIEM) e o *Grupo de Educación Estadística* da *Universidad de Granada* organizan as Primeiras Xornadas Virtuais en Didáctica da Estatística, Probabilidade e Combinatoria, que celebrarán de maneira virtual o 5 e 6 de abril de 2013.

Existen dúas modalidades de participación nas xornadas como conferenciante, unha a través de traballos completos e outra en formato póster virtual. Para ámbolos dous tipos é necesario inscribirse na web das xornadas e enviar un resumo do traballo con menos de 1.500 caracteres (espazos incluídos) antes do 28 de febreiro de 2013.

A participación nas Xornadas é GRATUITA, tanto en modalidade de asistente virtual, como na de presentación de comunicacións.

Máis información: [www.jvdiesproyco.es](http://www.jvdiesproyco.es)

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida , s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)

Web: <http://www.sgapeio.es>